



o son que latexa

XOVES 23 NOVEMBRO 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann & Hugo Gómez-Chao

Sala Mozart, 19:45 h

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

I

RICHARD WAGNER (1813-1883)

Idilio de Sigfrido

HUGO GÓMEZ-CHAO (1995)

Schattenhaft*

II

FRANZ BERWALD (1796-1868)

Sinfonía núm. 3 en Do maior "Singulière"

Allegro fuocosu

Adagio

Finale: Presto

*Obra de encargo da RFG

Coa participación do alumnado da EAEM

Duración aproximada do concerto: 80 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Ildiko Oltai (axuda de concertino)
Victoria Jurov **
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Daniel Kordubaylo
Roger Bery ***
Joel Doraci ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca

Helena Sengelow
Nazaret Canosa (R)
Teresa Barcelona ***
David Poghosyan ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ignacio Marino
Iriana Fernández
Gema Gallardo ***
Josep Ruiz ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Manuel Lorenzo
Carlos García
Álvaro Peregrina
Thomas Piel
Jordi Villanueva ***
Emilio Ubach ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Dina Durán ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Paula Padín (R)
Marta Zlatkovic ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Sergio Rodríguez ***

CLARINETES

Vicente López *
Víctor Lardiés ***

FAGOTES

Manuel Veiga *
Belén Carril (R)

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Pablo de Miguel ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBONS

Iago Ríos (R)
David M. Rodríguez (R)
Brais Molina (R)

TIMBAL / PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Iker Iriondo ***

PIANO

Haruna Takebe (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Baldur Brönnimann

Director

Director musical e artístico da Real Filharmonía de Galicia. Naceu en Suíza e reside en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, sendo moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre

2014 e 2020 foi director principal da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquestra onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, dirixindo a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Barcelona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Komische Oper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de John Adams* de Klinghoffer na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

NOTAS AO PROGRAMA

Singular é o nome que o compositor Franz Berwald deu á súa terceira sinfonía. Con ese mesmo cualificativo poderíamos describir o programa completo de hoxe por todo o que ten de peculiar, extraordinario e orixinal: escoitaremos a única obra sinfónica de madurez de Richard Wagner (autor centrado no xénero operístico), assistiremos á estrea absoluta dunha encarga da Real Filharmonía ao compositor galego Hugo Gómez-Chao e finalmente, pechará o concerto a xa nomeada sinfonía do sueco Berwald que rara vez forma parte das programacións orquestrais.

O día de Nadal de 1870 estreábase a obra máis persoal de Richard Wagner (1813-1883), *O Idilio de Sigfrido*, na Vila Tribtschen, residencia do compositor e a súa familia en Lucerna (Suíza). Foi concibida para a intimidade e o seu autor definiuna como “felicitación de aniversario sinfónica”, pois naceu como declaración de amor e agasallo para a súa muller Cósima, filla do tamén compositor Franz Liszt, que cumpría anos ese día. A parella tiña moito que celebrar posto que despois de sete anos de relación puideran casarse en agosto dese mesmo ano, tras conseguir a nulidade

matrimonial do seu anterior marido, o famosísimo director Hans von Bülow e acabada de nacer o seu terceiro fillo en común, Sigfrido (as dúas nenas anteriores chamáronas Isolda e Eva, xa que sempre escollían nomes de personaxes das óperas nas que o autor se atopaba traballando). O director austrohúngaro Hans Richter, amigo persoal de Wagner, encargouse dos ensaios en segredo e mesmo aprendeu a tocar a trompeta para a ocasión (de feito só aparecen 13 compases para o instrumento en toda a peza). O día da estrea, mentres Cósima durmía, Wagner situou os músicos ao longo das escaleiras da súa casa e comezaron a interpretar o *Idilio* baixo a batuta do compositor. A homenaxeada escribiría no seu diario: “cando espertei escoitei un son. Este fíxose cada vez máis intenso e fun consciente de que non estaba soñando. Unha música estaba soando, e que música!”. A obra, que inicialmente se chamou *Idilio de Tribtschen*, interpretouse todos os Nadais a partir de entón na residencia dos Wagner, ata que en 1878, debido a problemas económicos, o compositor veuse obrigado a vendela a un editor pasando deste xeito á esfera pública. A obra foi escrita orixinalmente para

unha agrupación de cámara conformada por 13 ou 15 músicos, aínda que actualmente é habitual escoitala en versións sinfónicas máis grandes. Esta instrumentación tan pequena contrasta enormemente ca grandiosidade e opulencia das súas óperas. Trátase dunha especie de poema sinfónico no que se mesturan distintos temas, a maioría deles extraídos da súa ópera *Sigfrido*, a terceira da famosa tetraloxía *O anel do Nibelungo*. O primeiro tema, que escoitaremos no cuarteto de corda, é, de feito, o dúo de amor de Brunilda e Sigfrido do terceiro acto de dita ópera. Posteriormente, o óboe cun delicadísimo acompañamento das cordas, interpreta unha melodía de carácter popular que era unha canción de berce que Wagner escribira con motivo do nacemento do seu fillo Sigfrido. Estas e outras ideas musicais van aparecendo, desenvolvéndose e xustapoñéndose á maneira dun *collage* nunha especie de forma sonata modificada e moi libre.

Despois desta páxina wagneriana cargada de tenrura que Bernard Haitink definiu como “a carta de amor máis bela que alguén pode escribir” penetramos nunha atmosfera completamente diferente ca estrea absoluta da obra *Schattenhaft*

do compositor coruñés Hugo Gómez-Chao Porta (1995). O propio autor facía a seguinte descrición a propósito da súa creación: “un espazo aberto en plena noite, como cando Orfeo entra no reino das tebras, empurrado por moito vento. Non hai nada, porén escóitanse voces, rumores, ecos, segredos que se dispersan no aire e que conforman o aire mesmo. E esa violencia que sona faise visible: levántanse corpos que desaparecen, almas fuxindo desesperadamente, figuras que son apenas unha sombra; recordos que son a ausencia visible deses corpos que proliferan no espazo; sombra que aspira a máis sombra. Eses signos que cruzan o espazo tan violentamente están cargados de sentido, empúrranse, ordénanse como por arte de maxia, vólvense claros durante un segundo, esnaquizándose apaixonadamente. E entón algo sona noutro lugar. O vento para. Todo queda suspendido. Orfeo xírase lentamente. Xa non hai nada”. *Schattenhaft* que poderíamos traducir como “cheo de sombras” foi un encargo da Real Filharmonía ao mestre galego durante a súa estadía como compositor residente da Real Academia Española en Roma durante o pasado ano. Está dividida en dúas partes ben

NOTAS AO PROGRAMA

diferenciadas. A primeira, *unruhig, delirando* consiste nunha superposición de masas de sons. Cada un deses materiais ten o seu propio desenvolvemento independente: nalgúns casos harmónico, noutros tímbrico (liñas melódicas que se transforman en ruído; sons que se volven máis escuros ou máis brillantes). Toda a orquestra está fragmentada, avanzando e transformándose constantemente, como velada a través dun filtro, con momentos puntuais de protagonismo dunha ou outra liña. Nese aparente caos reinante de carácter violento hai momentos puntuais de claridade, orde e estabilidade. Gómez-Chao explica que se trata dunha especie de primeiro movemento dunha sinfonía clásica á maneira de Mozart ou Beethoven dende o punto de vista do desenvolvemento da forma pero cunha maneira distinta de traballar o son. A segunda sección, *adagissimo, lontanissimo, sempre espressivo* está pensada como a transformación en cámara lenta dunha imaxe. Predomina en toda a obra un carácter vocal, a orquestra parece falar con rumores e voces que se solapan mediante a exploración do espectro harmónico e o emprego dunha ampla gama de técnicas estendidas en

todos os instrumentos, creando deste xeito o clima de sombras, néboa e visión borrosa ao que aludía o compositor.

Habería que esperar sesenta anos para a primeira execución pública da *Sinfonía núm. 3* “Singulière” de Franz Berwald (1796-1868) dende a súa composición en 1845. A súa estrea tivo lugar o 10 de xaneiro de 1905 no auditorio Musikaliska Akademien de Estocolmo da man da orquestra Konsertföreningen dirixida por Tor Aulin. Berwald foi sen dúbida o mellor compositor escandinavo da súa época marcando o camiño a autores posteriores como Jean Sibelius, porén foi bastante ignorado en vida. De familia xermánica, naceu en Suecia e en 1829 viaxou a Berlín onde permanecería vinte anos. Na cidade alemá estableceu unha boa amizade con Felix Mendelssohn e para sosterse economicamente tivo que abrir un instituto ortopédico. Dentro da súa produción destaca a música de cámara, os poemas sinfónicos, unha ópera titulada, *Estrella de Soria* e catro sinfonías, todas elas con nomes ben suxestivos: *Seria, Caprichosa, Singular e Naïf*. O período 1841-1845 foi o máis intenso e ao que pertencen os principais traballos orquestrais,

entre eles a sinfonía que nos ocupa. No ano 1849 volta á súa terra ao ser contratado como profesor do conservatorio de Estocolmo, pero os problemas económicos persisten, morrendo en 1868 na máis profunda miseria. A sinfonía *Singulière* mestura o espírito clásico co folclore nacional nórdico e tivo unha recepción moi entusiasta por parte da prensa e o público. O crítico Eugene Fahlstadt comentaba con motivo da estrea “esta sinfonía de sesenta anos de idade transmite unha impresión completamente moderna, a maxistral instrumentación non é de tipo virtuoso “hipermoderno”, unha mestura, pola contra toda a peza, o brillante traballo temático, a amplitude e seguridade formal, son agradables reminiscencias dun gran período da música”. A pesar destes antecedentes, na actualidade é un *rara avis* das programacións orquestrais. Berwald seguramente quería resaltar con ese título o carácter único da súa creación. Algunhas das características máis sorprendentes son os abruptos cambios dinámicos que se escoitan ao longo da obra, o feito de que o Scherzo estea inserido no movemento lento, a aparición dunha cita deste *adagio* no *Presto* final ou o emprego

dunha tonalidade menor para o último movemento dunha sinfonía escrita en maior. A obra está estruturada en tres movementos: *Allegro fuocoso en Do M*, *Adagio-Scherzo Allegro assai-Adagio en Sol M* e *Presto en do m*. No primeiro, predomina a claridade temática e aparecen sutilezas a nivel instrumental e harmónico. Responde a unha estrutura en forma sonata cas seccións habituais: exposición (con dous temas A e B que son complexos e formados por varias ideas cada un; aparece con repetición, trazo bastante conservador), desenvolvemento e reexposición (neste caso é parcial, ca recapitulación de só algunhas partes do material da exposición). Seguidamente, o *Adagio* presenta dous temas: un primeiro tranquilo e luminoso interpretado pola corda e a continuación outro novamente nas cordas e repetido polas madeiras que semella unha balada doce e nostálgica. O timbal interrompe de súpeto dando paso ao *Scherzo*, que se caracteriza por unha gran vitalidade e onde se detecta unha importante influencia de Mendelssohn. En lugar de aparecer un trío, como é norma no xénero da sinfonía, retómase o *Adagio* recapitulando unicamente o segundo tema. Pecha

NOTAS AO PROGRAMA

a obra o *Presto*, cun ritmo sostido e enérxico en fortísimo e unha gran mestría arquitectónica co uso de técnicas corais que atoparemos en autores posteriores como Bruckner. Presenta tamén unha forma sonata como o primeiro, ca particularidade de conter, como sinalamos, unha cita do segundo tema do *Adagio*, algo inesperado nunha sinfonía de corte clásico.

O son que latexa, un programa insólito e excepcional que non nos deixará indiferentes.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

selección director asistente

XOVES 7 DECEMBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

- Johannes Brahms: Variacións sobre un tema de Haydn
- Igor Stravinski: Concerto en Mi bemol "Dumbarton Oaks"
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 2 en Re Maior, op. 36

(Entrada libre)